



BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo, en virtude das atribucións previstas no art. 21.1.e) da LBRL,

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, que no Diario Oficial de Galicia, núm.223-Bis, do 4 de novembro, a Presidencia da Xunta de Galicia publicou o Decreto 179/2020, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. O mesmo día, a Consellería de sanidade tamén publicou a Orde do 4 de novembro, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e en consecuencia:

1º) **Continúa a limitación da entrada e saída de persoas** no ámbito territorial do concello de **Vimianzo**, agás as excepcións que figuran no citado decreto e foron indicadas no bando da alcaldía de 30/10/2020. **A súa duración será ata as 15:00 h do 4/12/2020.**

2º) **Continúa a limitación á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos** (pechados e ao aire libre) ou **privados** no ámbito territorial do concello de **Vimianzo**, quedando limitada aos **grupos** constituídos **só** por **persoas convivintes**, agás as excepcións que figuran no citado decreto e foron indicadas no bando da alcaldía de 30/10/2020. **A súa duración será ata as 15:00 h do 4/12/2020.**

3º) **Non** existe ningunha **restrición á circulación en tránsito** a través do ámbito territorial do concello de Vimianzo.

4º) **Limitacións** á permanencia de persoas en **lugares de culto**: máximo 25 persoas a partir das 00:00 do 7/11/2020.

5º) Indícanse algunhas das **medidas** de prevención específicas para o concello de Vimianzo e **complementarias ás anteriores**, que foron publicadas no citado Diario Oficial de Galicia, onde se poden consultar máis polo miúdo:

- **Peche temporal das seguintes actividades dende as 00:00 h do día 07/11/2020 ás 15:00 h. do 04/12/2020:**

-*Espectáculos públicos: taurinos, circenses, feirais e de exhibición e espectáculos pirotécnicos.*

-*Actividades recreativas: culturais e sociais, de ocio e entretenemento, atraccións recreativas, actividades de restauración, actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.*

-*Establecementos abertos ao público:*

- *Establecementos de espectáculos públicos: circos, prazas de touros, recintos feirais.*
- *Establecementos de actividades recreativas: establecementos de xogo, casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas.*



BANDO

- *Establecementos de actividades deportivas: pistas de patinaxe e piscinas recreativas de uso colectivo.*
- *Establecementos para atraccións e xogos recreativos: parques de atraccións e temáticos, parques acuáticos, salóns recreativos, parques multiocio*
- *Establecementos para actividades culturais e sociais: salas de concerto.*
- ***Establecementos de restauración: restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías e bares. Poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio.***
- *Establecementos para actividades zoolóxica, botánicas e xeolóxicas.*
- ***Establecementos de ocio e entretemento: salas de festa, discotecas, pubs, cafés-espectáculo, furanchos e centros de lecer infantil.***

En canto ao resto de actividades permitidas, medidas e restriccións estarase ao establecido no Decreto 179/2020 e na Orde do 4/11/2020, publicado no referido Diario Oficial de Galicia.

5º) **LÉMBRASE** que están a disposición da veciñanza os seguintes números de teléfono para calquera cuestión:

Protección civil: 648240217

Policía local: 617484852

Servizos Sociais (atención 24 h): 604034557

O Concello de Vimianzo, solicita e agradece á veciñanza a máxima colaboración adoptando as medidas precisas para evitar a propagación do coronavirus.

A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)